

NORMATIVA PARA ESTUDOS DE MÁSTER UNIVERSITARIO (ESTABLECIDOS NO REAL DECRETO 1393/2007)

A seguinte normativa regula as titulacións de Máster Universitario, establecidas no Real decreto 1393/2007, exceptuadas, no que corresponda, aquelas que, teñan directrices comunitarias propias ou, segundo o previsto no devandito Real decreto, as que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas en España. A elaboración destas normas aterase ao que establece o Real decreto 1393/2007 e as *Liñas xerais para a implantación dos estudos de grao e posgrao no sistema universitario de Galicia*.

I. PRINCIPIOS XERAIS

1. As ensinanzas de Máster Universitario teñen como finalidade a adquisición por parte do estudante dunha formación avanzada, de carácter especializado ou multidisciplinar, orientada a especialización académica ou profesional, ou ben a promover a iniciación a tarefas investigadoras.
2. O Máster Universitario deberá establecer claramente a/s súa/s orientación/s: académica, profesional ou investigadora.
3. As facultades e escolas aprobarán e trasladarán as iniciativas de Máster Universitario, se proceder, á Comisión de Posgrao. Os Másters Universitarios serán desenvolvidos por iniciativa dun centro, ou no caso dos másters de investigación, por proposta dalgún ou dalgúns departamentos ou institutos universitarios de investigación. Neste caso os departamentos e os institutos universitarios de investigación deberán aprobar as propostas dos Másters Universitarios de investigación para as trasladar á facultade ou á escola responsable en que corresponda integrar estas propostas.
4. Por razóns estratéxicas, o Consello de Goberno da Universidade poderá propoñer de oficio a creación de estudos de Máster Universitario.
5. Cando varios centros da UDC desenvolvan un Máster Universitario de forma conxunta, un deles encargarse da dirección académica e figurará para todos os efectos como responsable do Máster.
6. A UDC poderá aprobar Másters Universitarios de carácter interuniversitario, mediante convenios entre a UDC e outras institucións de acordo cos requisitos establecidos no Artigo 3.4 do Real decreto 1393/2007.

II. ESTRUCTURA XERAL DOS ESTUDOS DE MÁSTER UNIVERSITARIO

1. Os estudos de Máster Universitario serán verificados polo Consejo de Universidades e a súa implantación terá que ser autorizada pola Comunidade Autónoma galega, de acordo co que establece o artigo 35.2 da Lei orgánica 6/2001, modificada pola Lei 4/2007, de universidades. Os títulos a que conduzan deberán ser inscritos no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT) e

acreditados, consonte as previsións contidas no Real decreto 1393/2007. A UDC velará por que a denominación do título sexa coherente co contido do Máster Universitario e non induza a erro nin confusión sobre o seu nivel, os seus efectos académicos e, no seu caso, sobre os seus efectos profesionais.

2. Os planos de estudo de Máster Universitario estruturaránse en créditos europeos (ECTS), definidos de acordo co establecido no RD 1125/2003. Na UDC un crédito europeo correspóndese con 25 horas de traballo do estudante, encamiñado a cumprir os obxectivos do programa de estudos. Destas 25 horas, un máximo de 10 refírense a actividade presencial. Enténdese por “horas presenciais” aquelas que figuran no calendario escolar e nas que a actividade se realiza nas aulas, seminarios e laboratorios, así como as horas de titoría programadas, as dedicadas a exames e á presentación/discusión de traballos.
3. Os Másters Universitarios poderán ser de 60, 90 ou 120 créditos ECTS.
4. Como norma xeral, a estrutura das ensinanzas terá carácter cuadrimestral, garantindo que a distribución das materias ou disciplinas sexa equilibrada entre os dous cuadrimestres do curso.
5. As materias serán de 6 ou 3créditos, excepcionalmente poderanse admitir materias de de 4,5 créditos.
6. As materias poden organizarse en módulos. Un módulo concíbese como un bloque formativo integrado por diversas materias que contribúen conxunta e coordinadamente á consecución dunhas determinadas competencias. Cada módulo debe estar formado por un mínimo de 12 créditos.
7.
 - 7.1 Nos planos de estudos establecerase o carácter dos créditos, especificando se se trata de créditos correspondentes a:
 - a) materias obrigatorias
 - b) materias optativas
 - c) prácticas externas
 - d) traballo de fin de Máster

A anterior distribución de créditos aterase aos requisitos que se recollen no RD 1393/2007, nas *Liñas xerais para a implantación dos estudos de Grao e Posgrao no Sistema Universitario de Galicia* e no presente documento.

Os créditos do Máster Universitario estruturaránse do seguinte xeito:

7.2.1 Os créditos que deberá cursar un estudante correspondentes a materias **obrigatorias e optativas** -incluídas, de ser o caso, as prácticas externas optativas- serán como mínimo do 50% do total de créditos previstos para acadar o título de Máster. Os créditos restantes corresponderán a prácticas externas obrigatorias e ao Traballo de Fin de Máster.

7.2.2 Créditos **obrigatorios**: do total de créditos correspondentes a materias obrigatorias e optativas -incluídas, de ser o caso, as prácticas externas

optativas- que o estudante debe cursar para acadar o título de Máster, como mínimo o 50% serán créditos de materias ou disciplinas de carácter obrigatorio.

7.2.3 **Créditos optativos:** a ratio de oferta de créditos optativos será, como máximo, de 2 créditos por cada crédito optativo que teña que cursar o estudante. Con carácter excepcional poderá incrementarse a ratio, especialmente cando se trate de Másters que proporcionan o período de formación a diferentes programas de doutoramento.

7.2.4 O **Traballo Fin de Máster** defenderase unha vez superados o resto dos créditos da titulación. No plano de estudos do Máster deberá establecerse a titorización, avaliación e procedementos de realización do devandito traballo, sempre supervisado polos responsables, ou Comisión correspondente se houber, do Máster Universitario. O número de créditos asignados ao Traballo Fin de Máster será como máximo de 12.

7.2.5 **Prácticas externas:** poderán ofertarse con carácter obrigatorio ou optativo. Nos másters de orientación profesional serán obrigatorias. En calquera das dúas opcións, no proxecto de implantación, deberá incorporarse un plano de viabilidade que avale a realización das prácticas.

7.3. No caso dos Másters Universitarios de carácter interuniversitario en que participe a UDC, o Consello de Goberno poderá excepcionar algún dos requisitos dos apartados correspondentes ao punto 7.2 sempre que se considere estratéxico para a UDC, e axustándose o máximo posible á estrutura establecida neles.

8. No caso dun Máster con especialidades un 50% dos créditos (30/45/60 créditos según o caso) mais os créditos correspondentes ao traballo fin de Máster serán comúns as especialidades. As materias comúns serán de carácter obrigatorio. En cada especialidade o número de créditos restantes estará formado por materias de carácter obrigatorio. O número máximo de especialidades será 3.

9. Os planos de estudo dos Másters garantirán, a través das materias e actividades que os conforman, unha formación presidida polos valores cívicos referidos no artigo 3.5 do RD 1393/2007, así como a obtención das competencias básicas recollidas no seu anexo I (aptdo. 3.3).

III. COORDINADOR/A DO MÁSTER, COMISIÓN DE SELECCIÓN E UNIDADES DE XESTIÓN

1. Cada Máster Universitario nomeará un/unha coordinador/a que actuará en representación do Máster.
2. Cada Máster Universitario deberá ter unha Comisión de Selección coa composición e funcións determinadas na Nomatica de Xestión Académica do correspondente curso académico.
3. O/a coordinador/a do Máster aterase ao que establece o Regulamento de Estudos Oficiais de Posgrao da UDC.

4. A xestión académica dos Másters Universitarios levarase a cabo, agás excepcións motivadas, nas mesmas unidades previstas para a xestión do grao.

IV. SOLICITUDES E APROBACIÓN DE NOVOS TÍTULOS

Os trámites para a proposta de creación de Máster Universitario serán:

1. Solicitud que se realizará, segundo o que indica o Anexo I do Real decreto 1393/2007 e nas normas que para o seu desenvolvemento se estableceren na UDC.
2. A proposta de solicitud será revisada polas Vicerreitorías e Servizos competentes en cada un dos ámbitos descritos na memoria do devandito Anexo 1 do Real decreto.
3. A Comisión de Posgrao estudará anualmente as solicitudes recibidas e trasladará a proposta ao Consello de Goberno para a súa aprobación. O calendario de presentación de novas propostas ou modificacións, de ser o caso, de Másters Universitarios será aprobado polo Consello de Goberno por proposta da Comisión de Posgrao.
4. Logo do informe do Consello Social e tras as avaliacións que se consideraren oportunas, trasladarase a proposta de oferta de estudos ao Consejo de Universidades e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para os correspondentes trámites.

V. ASIGNACIÓN DA DOCENCIA

A asignación de docencia nos Másters Universitarios realizarase según as normas que se indiquen desde a Vicerreitoría de Profesorado da UDC.

VI. ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS E TRANSFERENCIA E RECOÑECIMIENTO DE CRÉDITOS

O Consello de Goberno da UDC aprobará o procedemento de acreditación de competencias, así como o de transferencia e recoñecemento de créditos, que será de aplicación aos Másters Universitarios.

VII. ACCESO E ADMISIÓN AOS ESTUDOS DE MASTER UNIVERSITARIO

O acceso e admisión aos estudos de Máster Universitario realizaranse consonte ao establecido no Real Decreto 1393/2007 nos Artigos 16 e 17.

VIII. DOCUMENTACION E CONDICIÓNS XERAIS PARA OS NOVOS ESTUDOS DE MÁSTER UNIVERSITARIO

1. As Vicerreitorías que correspondan velarán para que se poña a disposición das comisións que elaboren as propostas dos Másters Universitarios a documentación que esixe o Anexo 1 do RD 1393/2007.
2. O Consello de Goberno establecerá todas aquelas normas que se estimen necesarias

para o desenvolvemento e a adaptación ao novo marco de estudos de Másters Universitarios.

3. A proposta dun novo Máster Universitario deberá asegurar a demanda mínima esixida nas *Liñas xerais para a implantación dos estudos de grao e posgrao no sistema universitario de Galicia*.
4. Considérase extinguido un plano de estudos de Máster Universitario que non supere o proceso de acreditación, segundo o previsto no artigo 28.3 do RD 1393/2007.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Disposición transitoria 1. As titulacións de Máster Oficial dun POP xa aprobadas na UDC e reguladas polo RD 56/2005 adaptaranse ao que dispón esta normativa segundo determine o Consello de Goberno da UDC.

Disposición transitoria 2. Será de aplicación subsidiaria, e no que non se opoña a esta normativa, o Regulamento de Estudos Oficiais de Posgrao vixente na UDC.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade sen prexuízo da súa posible publicación no *Diario Oficial de Galicia*.